


QUEN VIVE NOS NOSOS DEDOS?

Materiais:

- Placas Petri con agar básico.
- Xabón
- Auga.

Método:

1. Coller unha placa Petri, dividila en tres partes e rotulalas polo dorso tal e como se mostra na figura seguinte: control, dedo sucio e dedo limpo.



2. Na parte control non tocar con nada
3. Na parte dedo sucio apoiar a xema do dedo suavemente.
4. Na parte dedo limpo apoiar a xema do dedo despois de lavar e secar ben as máns cuidando non tocar antes nada.
5. Deixar as placas na aula enriba dunha mesa, a temperatura ambiente.

Resultados esperados:

Ao longo dos días irán aparecendo colonias nas placas Petri, en diferente número dependendo da parte:

- No caso do control aparecerán as resultantes de medrar os microorganismos do ambiente.
- No caso do dedo limpo non deberían de aparecer se se lavaron ben as mans.
- No caso do dedo sucio aparecerán as resultantes de medrar os microorganismos presentes no dedo.

Conclusións:

- Os microorganismos viven no ambiente e na pel do noso corpo.
- É importante lavar as máns.

